

ASIMO

1

-O seguinte é un robot humanoide creado no ano 2000 -mentres o homiño falaba, unha proxección holográfica a escala natural apareceu ó seu carón, no espazo que simulaba os produtos ofertados para que todos puidesen velos. Entre a xente escaparon algunhas risiñas. John aínda estaba observando o anuncio publicado en *The Inquirer*, que o levara ata alí aquela tarde. Xa estaba perdendo a esperanza de atopar algunha boa oferta para a súa casa-. Inicialmente foi deseñado para interactuar coas persoas e tratar de axudalas facéndolle-la vida máis fácil e agradable -continuo o home. Trataba de facer unha oferta rechamante, pero ninguén parecía estar interesado-. Mide 130 centímetros e pesa 54 quilos. Camiña a 2,5 quilómetros por hora e pode correr até a 3 quilómetros por hora.

O home fixo unha pausa, sen saber que máis podía dicir, collendo o mazo na man e mirando ó seu público. Algunhas caras sorrían mirando ó pequeno robot regordete, outras ficaban serias e as demais simplemente esperaban indiferentes á seguinte oferta; pero ningunha man se alzaba. Tras uns segundos, o home continuou:

-Señores, teñan en conta que este robot é unha xoia de principios de século. Conta cunha tecnoloxía innovadora para o seu tempo. Durante anos foi o bípede humanoide máis avanzado do mundo e un pioneiro na interacción con humanos.

"Aínda podería resultar útil para realizar gran cantidade de tarefas. Soporta medio quilo de peso en cada man e é ben fácil comunicarse con el.

-Pode ser actualizado? -preguntou un home dende a primeira fila.

-Pois... non -respondeu-, síntoo, pero non. Unicamente podería cambiarlle a batería para que contara con máis da hora de autonomía da que agora dispón e aprendería algunha cousa nova por si mesmo, supoño; pero o seu hardware non pode ser modificado.

-E non dispón de ningún tipo de conexión externa?

-Non, señor. Non ten ningunha conexión online.

O home deixou de preguntar. Se albergaba algunha intención de adquirir o robot, xa non a tiña. Non embargante, entre as últimas filas, John mantíñase mirándoo e pensando:

"Pode que guste ós nenos" -pensou-. "Ademais, parece un tipo simpático. Pode que lles sirva como de... mascota."

* * *

Ó chegar á casa, sacou con coidado a caixa do coche e meteuna casa. Resultara moi barato pero, dende logo, non quería velo escacharrarse nada máis chegar.

Os nenos observaron a caixa pero non dixeron nada, non les chamaba a atención. Apenas a miraron. Mamá achegouse para ver se John cumprira a súa promesa de comprar algo que lle axudase nas tarefas da casa. Ó ver a caixa, preguntou que era, estrañada.

-É para os nenos -dixo papá-. Pode que lles resulte simpático. Así non teremos que mercar un can que emporque a casa.

Mentres falaba abría a tapa con coidado de non danar o interior. A caixa abriuse. Colocou a tapa aparte, contra a parede, vendo como mamá se achegaba máis para ver o interior. Os nenos, en cambio, seguían sentados.

A caixa resultaba algo grande para o contido. Era un robot moi pequeniño e bastante sucio, pero que mantiña un aceno amigable. Dous grandes ollos redondos e un gran sorriso dun ó outro agardando ordes tras un escuro visor que lle cubría toda a cara. Tiña o peito estreito entre os ombreiros, mais ancheando cara abaixo até fundirse cunha grande barriga que lle engadía comicidade.

cós cóbados tocaba a caixa por detrás e tiña as mans lixeiramente abertas, como tratando de saudar á familia. As pernas eran algo máis estrañas que o resto do corpo, estrañamente articuladas. E, por último, a gran mochila na que parecía levar as súas pertenzas para a mudanza.

Mamá achegouse a tocarlle unha man. Era branco, pero o po acumulado impedía percibilo con claridade. Alonxouse de novo para velo enteiro.

Agora fíxose máis na súa aparencia. Semellaba, de súpeto, un neno pequeno. Un neno, alí, de pé, sucio e indefenso; con tódalas súas poucas cousas naquela mochila e estendendo as mans de aquel xeito... naquel momento a mamá pareceulle que estaba a pedir un lugar onde vivir.

-É moi bonito -susurrou-. Que é o que ten no peito?

Papá achegouse ó robot para pasarlle a man polo peito e poder ler mellor o que poñía.

-É o seu nome -respondeu-. Así o chamaban en Honda. É un acrónimo de Paso Avanzado en Mobilidade Innovadora. É o que representaba cando foi creado. Pero agora xa non significa nada. Sáfume moi barato.

-Ben -dixo por fin o fillo pequeno, sen perder de vista o televisor-, e que fai?

2

Era de noite. Unha noite moi fría e escura, e chovendo como poucas veces sucedía. Unha desas noites que non invitan a quedarse fóra da casa, unha desas noites para as que ninguén é benvido.

Así o sentía Andrew, así se sentía. O seu traballo era esgotador e a xente, insoporable. Cada vez era máis difícil tratar coas persoas. O día resultara exasperante, e da noite xa non agardaba máis que volver á casa e descansar, por fin. É o único que pensaba agora. Descansar.

Sentouse ó fin tranquilo, relaxado, cós ollos medio pechados, gozando da relaxante música que o seu coche sabía que necesitaba e que polo momento parecía querer harmonizar co incesante goteo da auga sobre o parabrisas.

Hoxe máis que nunca, deixou que o coche o levara por si mesmo á casa. Non traballaba preto, pero nunca quería ir pola autopista, onde esta prohibido conducir manualmente. Sempre ía por estrada. Non se atopaba cómodo sen guiar o seu camiño, polo que poucas veces deixaba que o coche o levara só, pero hoxe invadía un cansanzo tan esgotador que case non podía manter os ollos centrados na estrada. Ademais, a chuvia impedía case totalmente a visibilidade.

Xa estaba a pouca distancia da casa, ansioso por chegar cando, de súpeto, asomou ó lonxe unha figura que camiñaba lentamente baixo a chuvia. Chamábanlle a atención a súa escasa estatura e o seu modo de camiñar. Semellaba unha persoa en apuros. Pero o inacabable fluxo de auga apenas permitía velo ben.

-Limparabrisas.

O limparabrisas activouse axustando á velocidade do seu movemento ó incesante goteo, permitindo que Andrew mellorase lixeiramente a súa visión do exterior. Agora estaba máis cerca. Semellaba... un neno? si, un neno. Un neno camiñando só baixo a chuvia? E polo modo de andar, parecía estar enfermo.

Se se tratase de calquera outro veciño, ou calquera dos seus clientes, nin sequera se deterían a ouvir ó rapaz. Na aldea global que se formara nos derradeiros anos, a xente vivía cara a dentro, preocupándose só dos seus propios intereses e das súas propias vidas, rexeitando cada vez máis o trato humano e, ironicamente, potenciándoo a través da virtualidade de Internet.

Pero Andrew non era así. Andrew fora educado dende neno polo seu pai, un xa ancián de noventa e sete anos, nacido no 1960 e con outras ideas sobre a vida e os costumes humanos. Sempre dicía que o mundo era cada vez máis frío e egoísta, que o vía evolucionar a peor dende a súa xuventude, e que as relacións humanas estábanse a perder debido a tecnoloxía. Dicía que cada vez lle recordaba máis ás vellas novelas de ciberpunk que lía de neno.

"Non por culpa da tecnoloxía", dicía el, "porque a tecnoloxía dá moitas cousas boas, senón polo uso indebido que facemos dela."

Andrew sempre recordaba aquelas vellas palabras do seu pai, case tan vellas coma el: "Se Prometeo dá lume, podemos usalo para quentarnos; pero tamén para queimar as nosas casas."

Así era o modo de pensar do pai de Andrew, un home co que cada día menos persoas estaban de acordo. Nun principio, había moitos que pensaban igual, despois só os amigos, despois só os bancos do parque e, finalmente, só a intimidación da súa casa; onde agora vivía recordando o pasado, lendo libros e vendo vellas películas, onde o mundo xa non se preocupaba por el e onde xa non molestaba a ninguén.

Andrew recordou ó seu pai ó ver ó pequeno neno abandonado e decidiu achegarse a axudalo.

-Pausar ruta. Orde paralela: aparcar a 50 metros adiante, xunto á beirarrúa dereita.

Andrew púxose un abrigo mentres o coche o levaba ó lugar indicado, un pouco máis adiante de onde se atopaba o pequeno.

Agora estaba case á mesma altura. Andrew deu media volta no sitio para velo de preto. Non era un neno, era máis ben... era como... parecía... pero se era un humanoide! Non era un neno, era un pequeno robot perdido. Nunca vira nada semellante. Un robot camiñando abandonado baixo a chuvia. E non era un robot doméstico nin o robot dunha empresa, era un modelo que nunca na vida ouvira.

Por un intre pensou que, ironicamente, unha persoa teríalle feito máis caso a este robot que a un suposto neno. Ó cabo, era máis sorprendente ver a un robot vagando pola rúa que a un neno.

Saíu do coche para achegarse a el, que seguía o seu camiño coa mirada fixa no chan, como si precisase prestarlle moita atención para coidar de dar cada paso. Polo modo de camiñar, sen dúbida, a chuvia estaba a dificultar a percepción ós seus receptores visuais e de superficie, o que ademais revelaba de que se trataba dun modelo de robot de considerable antigüidade.

-Oe, robot -comezou Andrew-. Que fas aquí?

O robot non respondeu. Seguía o seu camiño, murmurando incoherencias. Parecía estar procesando cara a dentro algún tipo de información recibida que custase assimilar. Andrew tivo que colocarse fronte a el e paralo coas mans para chamar a súa atención, pois non respondía a ningún estímulo externo.

O robot elevou a mirada dos seus 120 centímetros ós 180 do home que o parara. A súa cabeza parecía o casco dun astronauta e tiña un cristal escuro, empapado pola chuvia, que protexía dous grandes ollos que escudriñaban o rostro do descoñecido en busca de posibles coñecidos e un amplo sorriso deseñado para gañar amigabilidade e que se cravaba facilmente nos rostros que se cruzaban con el. Non era un neno, pero esa era a súa aparencia, ó cabo: era un pequeno neno astronauta.

-Síntoo -respondeu despois duns segundos-. Non te coñezo. Non entendo o teu rostros. Está... desdibuxado. É confuso. Cambia continuamente e non logro percibilo.

-É pola chuvia -Andrew colleu agora ó robot polo brazo e tratou de dirixilo cara o coche turrando del-. Ven comigo.

Ó tirar, Andrew supuxo que o robot respondería ó estímulo seguindo o camiño indicado, como sería lóxico, pero non foi así. O robot non reaccionou e case vai ó chan polo tirón.

-Vaia -dixo Andrew estabilizándoo-. Ou es moi vello, ou estás moi escacharrado. Será mellor desconectarte. Eu te levarei.

-Non entendo. Non comprendo a orde.

-Desconéctate. Apágate.

-Non comprendo a orde.

Se a súa muller estivera agora con el fronte a un robot desobedecendo unha orde directa de desconexión, estaría histérica e invadida polo pánico, pero Andrew era distinto. Nunca vira a un robot negarse a cumprir unha orde, pero naquelas circunstancias considerou que a desobediencia non era máis que outro indicio do mal estado da maquinaria, non da súa mala educación ou da súa rebeldía. Andrew sabía manter a calma en todo momento, o que lle supuña a supervivencia durante moitos anos na vida e na selva que supuña o seu traballo.

-Por que non podes apagarte? Debes facelo.

-Non comprendo a orde.

Andrew ficou durante un intre parado baixo a chuvía, sen saber que facer, fronte a un sorriso que a pesar de estar empapado, sucio e perdido, permanecería aí; un sorriso inacabable ante o que a desconfianza tornábase imposible. Un sorriso que o impulsaba a ficar aí, quedo, en pé, correndo a súa mesma sorte, a pesar de non ter nada que ver con el, e a pesar de saber que non era real, que non era biolóxico, que non posuía vida. Porque aquel sorriso formaba un conxunto con un inescrutible cerebro e un par de ollos case totalmente inútiles.

Que facer, que. Ocorréuselle collelo en brazos e metelo por si mesmo no coche, e xa se dispuña a facelo, cando o robot dixo:

-Situación crítica de sistema. Precisa desconexión.

-Oe, usas unha linguaxe moi antiga. De onde saíches?

-Situación crítica de...

-Xa, xa oín -cortou Andrew. A linguaxe do robot era arcaica en extremo. Debía ter trinta a nos, polo menos, así que non estaba evitando a orde de desconexión. O problema é que era un modelo tan antigo que aínda non podía facelo por si mesmo. Precisaba que alguén o fixese manualmente, mediante algún tipo de interruptor. Pero, como?

Volveu separarse do robot e escrutou toda a súa parte frontal. Descubriu que se chamaba Asimo e que fora deseñado por Honda, pero non como desconectalo.

Mirouno por todos lados, coma quen busca a data de caducidade nunha caixa de galletas. Rodeouno, mirouno, tocouno... pero non atopou nada.

Fixouse con máis detalle, non embargante, na gran mochila que levaba ó lombo.

-Ben -díxolle-, se esta é a túa mochila, aí é onde levas as túas cousas, non?

Asimo mirouno coma se entendese o que oía, pero non dixo nada. Con ambas mans, Andrew repasou os laterais descubrinto, aparte de que estaba extremadamente porcos, que eran totalmente lisos. Pero na zona baixa dela había unha serie de conexións e interruptores. Ó tacto, pulsou o que cría que podía ser o indicado.

Asimo liberou de súpeto a tensión que acumulaba dentro. Estaba apagado.

-Ola? -nada-. Ola, Asimo.

Non respondía. Estaba desconectado. Curiosamente, agora parecía relaxado; pero seguía alí, de pé. Andrew volveu miralo de fronte. Os ollos, o sorriso... todo seguía igual. Parecía un neno simpático no canto dun robot. Pero tamén parecía un neno so, perdido, sucio e abandonado. Sen dúbida, necesitaba axuda.

Mantiña aquel sorriso ante a adversidade, e non pedía axuda; pero a necesitaba.

Sí, o robot precisaba axuda. Era un pequeno robot perdido.

Con tino, levouno ó coche. Despois entrou el, reiniciou a ruta e quitou o abrigo, totalmente seco por estar feito dunha tela que repelía o contacto coa auga, e continuou o resto da viaxe mirando ó robot, pensando. O pequeno robot perdido.

3

Á mañá seguinte, Jimmy irrompeu de súpeto no cuarto de Andrew e Janet pegando berros e chimpos. Non era raro que estivese erguido antes que os demais, ás veces incluso antes que o sol, e que estivera pola casa xogando ou facendo calquera cousa até que a súa nai se erguía para lle facer o almorzo.

Pero non tan frecuente era que se adicara a chamar a atención dese xeito. Mentres Janet espertaba sobresaltada, Billy escondía a cabeza baixo a almofada tratando de continuar o descanso que o seu irmán pequeno xa lle roubara uns minutos antes.

-Que pasa? Que queres?

-Mira, mamá! Ven, mira!

-Non berres. Non espertes ó teu pai.

-É que non é iso o que quero. Ven. Vinde todos. Tedes que velo.

Cando Janet abriu a boca para preguntarlle de novo de que estaba tratando de falar, Jimmy xa desaparecera coma un raio polo corredor da casa, trotando como un cabalo e facendo un gran escándalo no chan.

Janet mirou a Andrew antes de erguerse. Non espertara, non se decatara de nada. Estaba tan canso que era mellor deixalo seguir durmindo. Os sábados sempre era mellor deixalo ata tarde.

Janet levantouse con coidado de non mover demasiado a Andrew e saíu, pechando a porta do cuarto tras si, e buscando coa mirada algún sinal de Jimmy.

Camiñou polo corredor e, ó pasar fronte ó cuarto de Billy, puido velo escondido baixo as mantas, tratando de durmir. Entrecerrou a porta, que Jimmy deixara totalmente aberta ó saír. Continuou o corredor. Foi até a sala, pero Jimmy non estaba alí. Na cociña, tampouco. Non embargante, oía a súa voz conversando con alguén. Tiña que estar no garaxe. Janet sobresaltouse. Quen podía estar no garaxe co seu neno de cinco anos?

Foi correndo, e puido velo fronte á porta aberta do coche, falando cara a dentro.

-Que fas? Estás falando co coche?

-Non, mamá. Está dentro, sentado. Mira.

Janet achegouse despacio. Dende lonxe no percibía máis que unha forma estraña. Achegouse xunto a Jimmy e mirou dentro.

-Un robot!

-Si, un robot!

-Ola -Asimo saudou coa voz e coa man-. Chámome Asimo, non te coñezo.

Janet ficou chantada no chan. Non sabía que facer. De onde saíra aquel robot tan estraño?

-Onde vas, mamá?

-Vou preguntar ó teu pai que é iso.

-Cres que é un agasallo para nós? -unha idea que aínda non se lle ocorrera, pero que agora soaba excelente, pasou pola mente de Jimmy iluminándolle os ollos.

-Espero que non -murmurou Janet alonxándose.

Jimmy volveu a vista cara a Asimo. Asimo mirábao fíxamente sen dicir palabra, coma se agardase orde de facer algo.

-Ben, queres saír?

-Quero?

-Si, fóra do coche. Queres saír?

-Non entendo a orde. Non sei que é querer.

-Está ben -continuou o pequeno-. Sal do coche. Eu quero verte mellor.

Asimo fixo acenos traballosos coa intención de obedecer a orde, pero parecía estar atoado ou entumecido.

-Sintoo, señor Jimmy. Non logro executar a orde. Experimento problemas de mobilidade.

-Experimentas...?

-...problemas de mobilidade.

Jimmy tiña cinco anos, non entendía o que Asimo quería dicir, pero lle gustaba. Entón chegaron Janet e Andrew. Janet falaba sen parar, e ninguén era quen de comprender o que soltaba; e Andrew frotaba os ollos, adormecido, levado por ela, sen ver por onde ía e sen ouvir o que dicía.

-Ola, papá -dixo Jimmy-. Asimo ten problemas.

Andrew frotou os ollos agora con ambas mans tratando de despertar por completo. Esquecera por completo a Asimo. Estaba tan canso e era tan tarde que preferira deixalo no coche e amosalo á familia pola mañá, pero non reparara en que Jimmy podía descubri-lo antes e que se emocionaría tanto ó velo.

-Asimo? -saltou Janet-. Pero Jimmy, xa lle puxeches un nome?

-Non, non -interveu Andrew-. O robot chámase... como o sabes? Jimmy, como sabes o seu nome?

-Díxomo el.

-Está aceso.

-Si.

Andrew achegouse sorprendido a ocupar o lugar no que antes estaba Janet. Mirou cara a dentro e viu a Asimo sentado, observando.

-Ola. Chámome Asimo. Non te coñezo. Pero o teu rostro semella un que tratei de detectar onte.

-Si, estivemos xuntos onte. Eu tróuxente aquí. Pero dime como é que estás aceso.

Asimo mirouno sen responder. Non tiña resposta.

-Eu o acendín, papa -respondeu Jimmy.

-Ti?

-Si, atopei o botón, e pulseino.

Andrew decidiu deixar o asunto. El tardara unha eternidade en logralo, pero o seu fillo de cinco anos dicía telo logrado co mínimo esforzo.

-Ben, Andrew -interveu Janet achegándose despacio-. Que fai aquí?

-Atopeino abandonado onte. Estaba vagando pola rúa, baixo a chuvia, e camiñando coma se estivese ferido.

-Ferido?

-Si. Bueno, é que nun principio pensei que era un neno e ó baixarme do coche para axudalo percateime de que era un robot. Estaba fatal, non podía deixalo alí, así que decidín traelo. Pero era tan tarde que preferín deixalo no coche.

Janet desviou a mirada cara a Asimo, pensando. O robot percibiuno, e a mirou tamén.

-Pero é un modelo moi raro. Nunca vira nada igual. De onde saíu?

-Sinceramente, non teño nin idea. Pero polo que vin del onte, ten que ser moi antigo. Ten que ser un modelo de primeiros de século, ou pode que ata do século pasado. Será algún tipo de modelo experimental ou prototipo.

-Papá -interrompeu Jimmy-, díxenlle que saíra do coche e respondeu que ten problemas con non sei que cousa.

-De mobilidade?

-Si, creo que si.

-Asimo, sal do coche -repetiu Andrew.

Asimo volveu moverse como fixera hai uns minutos, sen poder saír.

-Non logro executar a orde. Experimento problemas de mobilidade.

Andrew ergueuse. Xa non sabía o que lle pasaba. Estaba tan sucio e abandonado que necesitaba unha posta a punto. Ademais, a chuvia non lle vira nada ben.

-Xa sei o que lle pasa, Jimmy. Onte tiven que apagalo porque estaba fallando. Necesita que o poña a punto, e dentro dun intre estará como novo.

Andrew apagou a Asimo para sacalo do coche coma se fose un neno pequeno, como Janet sacou a Jimmy. Jimmy estaba fascinado, e teríase quedado a traballar con el e co seu pai, se Janet non o levase a ducharse e almorzar.

-Non podo máis. Estou cheo.

-Si que podes. Toma só unha torrada máis.

De súpeto, con tino, entraron andando na cociña un metro e vinte centímetros de humanoide.

-Mamá, mira! Está andando!

Janet xirouse bruscamente, ante o berro de Jimmy. O primeiro que fixo foi lanzar un suspiro que só logrou arrancar un sorriso a Andrew. Despois, mantívose distante observando ó recién chegado e vendo como Jimmy o abrazaba e preguntaba mil cousas.

Era moi estraño, un robot do que seguramente non debían fiarse. Como podía ser fiable se non sabían de quen era nin para que fora deseñado. Pero a Jimmy gustáballe, e parecía un robot amigable.

-Andrew, estás seguro de que...

-Asimo, explica a Janet cal é a túa programación.

-Síntoo. Non coñezo a Janet.

-Agarda -dixo Andrew rindo-. Primeiro ten que coñecerte. Achégate.

Janet achegouse despacio. Asimo a miraba. Sentíase estrañamente observada, pero canto máis a miraba con aquela cara e aquel sorriso, menos lle custaba achegarse.

-Tes que darlle a man.

-Que?

-Que lle des a man. É un robot educado. Para coñecerte ten que saudarte como é debido.

Janet estendeu a man para que Asimo a collera con coidado. Mirándoa á cara, dixo:

-Ola, chámome Asimo. E tí?

-Eu... eu son Janet.

-Encantado de coñecerte, Janet. Espero que sexamos bos amigos.

-Vaia -Janet non podía evitar sorrir-, hai moitos anos que ninguén me di algo así.

-Porque Asimo é un robot con unha programación de hai moitos anos, o que inclúe protocolos de relacións humanas como é debido. É un robot con educación. Asimo, dille agora a Janet cal é a túa programación.

-Asimo foi deseñado para interactuar cos seres humanos en entornos reais, facéndolles a vida máis fácil, cómoda e agradable.

-Ves -continuou Andrew-, é un robot amigable, non é como os que coñecemos nós. É como se fose educado polo meu pai.

Janet aínda mantiña o sorriso no rostro, e Jimmy estaba máis contento incluso que antes. Sabía que Asimo xa tiña sitio na casa.

Entón, Billy entrou na cociña. Ninguén se deu conta de que estaba a preparase o almorzo porque entrou sen dicir nada. Só mirou a Asimo un par de veces.

-Que cousa tan fea!

E volveu ó seu cuarto.

4

-Ven, Asimo. Imos ler este libro. Aínda non o coñeces, verdade?

-Non -respondeu Asimo collendo o libro coas súas mans. Leu o título-. *Gardiáns espaciais*. Non o coñezo. Leo, por favor.

Jimmy volveu coller o libro e sentou no sofá. Mentres Asimo, algo máis lento, sentaba ó seu carón, Jimmy abría o libro pola primeira páxina.

-Mira Asimo, o libro foi escrito no 2032. En que ano naciches ti?

-Asimo naceu no 2000 nas instalacións de Honda Co., Ltd.

-E cando te apagaron?

-Última desconexión coñecida: 25 de agosto de 2057.

-Non, iso foi onte, cando fomos durmir. Eu pregunto pola última desconexión anterior a 2057.

-Última desconexión anterior a 2057: 27 de outubro de 2030.

-Vaia, claro que non coñeces *Gardiáns espaciais*. Estabas durmindo dende o 2030 até o 2057. Non chegaches a coñecer a saga. Pero, tranquilo, cóntoche eu toda.

Jimmy achegouse un pouco máis a Asimo e seguiu pasando as páxinas do libro até chegar ó primeiro capítulo. Ó ler o título o libro emitiu un fragmento de música de introdución mentres unha nave espacial saía dunha das páxinas e surcaba o espazo en dirección a Marte.

-Viches iso? Era o Ares V, saíndo da base lunar en dirección a Marte. Aínda non o coñeces, pero é a mellor nave da flota. Xa veras -e comezou a ler a historia con gran entusiasmo e con toda a atención de Asimo.

* * *

-...entón a radiación solar inundou o espazo ó seu redor, e observou con terror que tódalas placas...

Un portazo fíxo saltar a Jimmy no seu asento, interrompendo a narración.

-Billy, asustáchesme!

Billy non respondeu. Estaba moi enfadado, pero non diría nada do que lle pasara.

-Aparta, quero ver unha cousa.

-Ei! Non empurres a Asimo! El non te fixo nada!

-Cala a boca. É un idiota. Non serve para nada. Lévaio de aquí.

Billy volveu golpear a Asimo, e Jimmy ergueuse dun chimpó.

-Vete, tí! Estábamos lendo un libro, e ti estás a molestar.

-Eu o que quero e ver a tele, así que quita do medio.

-Non!

-Podes ler no teu cuarto. E leva contigo ó teu canciño e déixame tranquilo.

Jimmy estaba a piques de rebentar pero aprendera do seu pai a non empeorar as situacións tensas. Limitouse a coller o libro e levalo ó seu cuarto. Billy mirou enfurecido a Asimo, como tratando de asustalo, e Asimo foi detrás de Jimmy, mantendo a mirada de Billy con aquel doloroso sorriso.

* * *

Ó entrar na casa, viu a Billy sentado no sofá, vendo un concerto. Nin sequera fixo aceno de saudalo. Janet estaba na cociña, lendo un libro. Despois de tanto anos e a pesar de todo, ó atravesar a porta da casa, sabía identificar cando algo andaba mal. Limitouse a deixar que Janet contara o que pasaba. Como acostumaba a suceder, o único que tiña que facer era iniciar una conversa preguntando calquera cousa.

-Onde está Jimmy?

-Está no seu cuarto, con Asimo. Deberías ir falar con el.

Andrew deixou sobre a mesa o vaso que acababa de coller.

-Por que? Que ten?

-Pelexou co seu irmán.

-Non sería a primeira vez...

-Non, non é iso. É por Asimo.

-Porque a Billy non lle gusta?

-Non -respondeu Janet, mirándoo fixamente-. Porque a Jimmy lle gusta de máis.

Andrew encheu o vaso de auga e foi cara o cuarto do seu neno pequeno.

Abriu a porta, despacio. Jimmy estaba sentado na cama, con un libro nas mans. Encantáballo ler e, sobre todo, ler ese libro. Asimo estaba mirándoo, sentado nunha cadeira. Parecían estar ben os dous, pero Jimmy tiña esa expresión que non podía evitar no rostro cando alguén lle facía mal.

-Ola, rapaces -susurrou Andrew.

O capitán Wilder estaba a piques de se subir á nave para despegar en dirección á colonia mineira do planeta Saturno, pero Andrew interrompeu a manobra.

-Ola, papá. Que tal estás?

-Coñézote. Ola, Andrew -Asimo ergueuse mentres falaba, sinalando con unha man a cadeira na que estaba sentado-. Senta, por favor. Non quedas aí de pé.

Asimo levaba xa uns meses na casa, e parecía estar aprendendo moito. Andrew sorriu, dándolle unha amigable palmada no ombro, e sentando na cadeira.

-Aprendícheslle ti a facer isto, ou foi mamá?

-Aprender? Non, ninguén llo aprendeu. El é así.

-Pero cando chegou á casa non o facía, non é?

-Non. Agora fai cousas novas. E logo, non es ti o que lle aprende cousas novas?

-Non. Eu cría que todo era cousa túa. Xa sabes, ti es o que pasa todo o tempo con el, o que le libros con el, o que lle aprende cousas...

-Non. Eu non lle aprendo a facer esas cousas. Cría que o actualizabas ti.

Andrew xirouse, mirando pensativo a Asimo. Había algo nel que non acababa de encaixar. Asimo era un robot moi antigo e o seu software non podía ser actualizado. Non embargante, estaba adquirindo costumes que, ó parecer, ninguén lle aprendera.

-Pode que as aprenda el só -dixo Jimmy.

-Non, non pode ser. Non pode aprender por si mesmo. É como un canciño que...

-Non o chames así! -protestou Jimmy- Non é un can!

-Síntoo, Jimmy. Non quería ofenderte. Quero dicir que hai certas cousas que non pode aprender por si mesmo a menos que alguén llas aprenda. Ti sabes que eu aprecio a Asimo. É un bo amigo meu, e non quería tratalo mal -Andrew pensou que agora era unha boa oportunidade para falar sobre o que pasara entre os dous irmáns-. É que Billy chamouno así?

Jimmy gardou silencio. Andrew tamén. Sabía que non debía presionalo. Só tiña que agardar un pouco, e...

-Si, volveu a enfadarse moito con el. A Billy non lle gusta nada. Di que é feo, inútil e parvo. Pero Asimo trata de axudarlle ou de ser amable, pero Billy non o entende.

Andrew pensou que Jimmy tiña razón. Billy era un rapaz máis no impersoal mundo no que lles tocara vivir. Apenas falaba cos pais, non se relacionaba co seu irmán pequeno e evitaba todo outro tipo de relacións humanas. Só se podía falar con el eficazmente a través dunha pantalla. A tecnoloxía substituíaa por completo á humanidade. Era un robot humano.

-Asimo tratará de ser máis amable con el -dixo o robot dende a porta.

-Que?

-Tratarei de aumentar o meu nivel de bondade cara a el. Estarei máis atento ó que necesite para facerlle a vida máis fácil e agradable e que se sinta ben na miña compañía.

-Asimo, iso é algo moi bo pola túa parte, pero as cousas non son así -explicou Andrew-. A túa programación é anterior á nosa época. Billy rexeitará calquera xesto de... humanidade que amoses.

Humanidade. Andrew parou a pensar se era esa a palabra. Érao? Si, o era. Humanidade. Aquel robot vello e desfasado era mil veces máis humano que o seu fillo de dez anos, ou que toda a humanidade no seu conxunto. E parecía ser máis humano cada día que pasaba.

-Si -continuou Asimo-. Xa me pasara con John.

-Quen é John? -preguntou Asimo.

-O meu anterior dono.

-O teu anterior dono? E que foi o que te fixo?

-John é similar a Billy en multitude de puntos, e a súa muller, e os seus fillos. Pero eran moi distintos a vos.

"John e a súa muller comían xuntos á mesa, pero non falaban entre eles nin se miraban. John falaba co seu ordenador e a súa muller falaba con teléfono. Pero non falaban entre eles. Las persoas casadas deberían falarse, non é?"

-Si, Asimo. As persoas en xeral deberían falarse.

-Os seus fillos nunca comían con eles, nin se sentaban, nin falaban con eles. Sempre estaban sos. Vivían todos baixo un mesmo teito, pero vivían sos, moi sos. E Asimo sentiase so.

"Cando trataba de falar con eles, ignorábanme. Cando trataba de axudalos, desprazábanme o me gritaban. Asimo estaba perdido e confuso. Honda deseñoume para axudar ás persoas a facer as súas vidas máis fáciles, pero as persoas complícanas por si mesmas. Aínda que Asimo lograra algo, eles bótano todo por terra. Non entendían o meu labor.

-E por iso escapaches da casa? -preguntou Jimmy.

-Non, estaba cumprindo unha orde. Foi a única orde de John.

-Ordenou que saíses a camiñar baixo a chuvia?

-Non, John dixo: "Vai lonxe de aquí. Non quero volver saber nada de ti." Estaba cumprindo a orde, fuxía lonxe de John.

-Onde vive John? -rebotou Andrew-. Quero ir velo e dicirlle...

-Non, Andrew. Non -Asimo respondeu firme. Por primeira vez, Andrew sentiu na súa voz un ton firme que non lle oíra antes. Foi unha orde directa e sen límite de tempo. Non debo violala.

-Pero, Asimo -interveu Jimmy-. John é malo. Merece un castigo.

-Non. Foi unha orde, e debo cumprila.

-Asimo, escoita...

-Debo cumprilo.

Andrew e Jimmy gardaron silencio. Non podían facer nada. Asimo nunca violaría a orde dun humano. Aquela noite cumprira a orde arriscando a súa propia existencia. Non volvería cruzarse con John xamais.

-Billy é como John -Asimo susurraba mirando fixamente a Andrew, tratando de deixar clara unha cousa-. Billy non é coma vós. Non deixedes que siga por ese mesmo camiño. Non sería unha boa persoa. Non o permitas, Andrew. Billy é o teu fillo. Non o permitas.

Andrew mantivo a vista fixa nos ollos de Asimo mentres este falaba. Durante un instante, sentiu que falaba con outra persoa. O silicio tornou en carne, e os impulsos eléctricos en pensamento, en pensamentos racionais. Asimo estaba aconsellando algo que ningún humano da cidade tomaría en conta, agás un. Agás un ó que Asimo lle recordaba agora mesmo, alí sentado fronte a el, aconsellándolle como educar ós seus fillos e previndo contra futuros perigos: o seu pai.

Andrew xirouse de novo cara o seu fillo.

-Queres que mañá vaiamos os tres a ver ó avó?

-Si -saltou Jimmy-. Sería xenial. Asimo aínda non o coñece.

-Sería agradable coñecelo -interveu Asimo-. Gustaríame coñecer ó avó.

Andrew mirouno de novo. Parecía que sorría máis do normal.

* * *

Jimmy e Billy estaban no colexio, Andrew estaba non traballo, e Asimo se sentía moi só. Janet insistía de continuo en que non tiña que axudarlle nas tarefas da casa e Asimo non quería molestala, así que quedaba só. Estaba só, e se sentía só. Ninguén o vía e ninguén o crería, pero era así. Sentíase só.

Estaba sentado na cama de Jimmy, mirando as cousas que o rodeaban sen saber que facer, sen saber cal coller, sen gana de facer nada. E non entendía por que se sentía así. Mirou ó seu redor, ergueuse e foi cara a cociña. Janet estaba moi ocupada preparando a comida. Asimo quería ofrecerse de novo para axudala pero, ó achegarse, veu nos seus ollos esa expresión que ordenaba retroceder. Freou en seco e deu media volta.

Case tropeza co aspirador. Mirouno, pensativo.

Janet oíu de súpeto o aspirador aceso. Deixou o coitelo sobre a mesa deu volta bruscamente. Incrible!

-Asimo, pero que fas?

-Axudar.

-Non pedín axuda.

-Non, non a pediu, señora. Pero a necesita. Percibo que está claramente estresada e, como aínda ten o chan sen limpar, decidín facelo eu.

Naquel momento, Janet sentiu unha inmensa simpatía por Asimo, algo que non sabería explicar.

-Sabes, Asimo. Ningún dos meus fillos fixo algo así por min, xamais.

Cando tivo rematado o traballo, Asimo achegouse despacio a Janet. Unha vez máis, quería axudar. Pero desta vez non sería como nas anteriores. Xa aprendera o que debía facer. Aínda que Janet se negase, axudaría a preparar a comida.

-Acabaches co aspirado?

-Si, señora.

-Moitas grazas, Asimo. Agora, poderías cortar esas verduras?

-Por suposto, señora.

E sentiuse útil de novo. Seguía aprendendo das persoas. Aprendía como tratalas, como eran e como sentían. Incluso sentía que precisaba da súa compañía e conversa. Non sabía por que pero así era.

Janet non coñecía a súa programación, pero fixébase cada vez máis nel do que parecía e estaba sorprendida moitísimo da capacidade de aprendizaxe que amosaba e do moito que evolucionara con Jimmy. Nun principio, vixiábao para protexer ó seu fillo, por medo. Pero pouco a pouco, sentía cada vez máis admiración cara el, aínda que sabía escondela no seu interior.

Asimo parecía estar gozando axudándolle na cociña. Parecía estarlle gustando o que facía.

-Que tal, Asimo? Apañaste ben?

-Ben, moi ben. Gústame moito este traballo -unha resposta que so un humano daría.

Janet freou en seco, sorprendida.

-Gústache? Non creo que ese sexa o termo correcto, Asimo. Que pretendes dicir exactamente?

-É certo que é un termo novo para min, pero creo que é exactamente o que sinto.

-O que sentes?

-Si, o que sinto. Sinto pracer. É significa que me gusta, ¿non?

-Pois... si. É iso, pero... -non sabía que responder. Non tiña sentido, pero así era-. Pero, o ánimo é algo humano. Como podes saber do teu estado de ánimo? Como podes ter estado de ánimo, Asimo?

-Non o sei, pero direi as miñas conclusións. Vostede dígame se estou errado.

-Está be. Cóntamo.

Janet limpou as mans con un pano mentres sentaba á mesa, fronte a Asimo.

-Verá, señora. Estou confuso dende o día que me reactivaron. O mundo é moi distinto. Nun principio non o crín así, porque ó ser aquela familia tan rara preñei que era o seu mundo o que estaba cambiado, que eran xente distinta; pero agora podo ver que realmente o mundo non é como eu o recordo. Todo é diferente.

-Pasou moitísimo tempo dende o mundo que ti coñeciches ata este, Asimo. É algo normal. Supoño que calquera ser humano na túa situación sufriría moitísimo para adaptarse.

-Si, ten razón. Pero hai algo máis, non so iso. O entorno que me rodea é distinto. É un entorno non que estou obrigado a moverme de distinto modo e a aprender dun modo diferente. E hai cousas que... -Asimo fixo unha pausa e ficou mirando ó chan. Parecía estar pensando-. Estou aprendendo cousas que nunca crera posibles.

-Por exemplo, sentimentos?

Asimo volveu a vista a Janet.

-Creo que si -respondeu, confuso-. Nun principio fun deseñado para interactuar con humanos e despois, aprender do meu entorno. Podía aprender como é o voso comportamento observando os vosos patróns de movemento e o voso estado. Podía identificar o voso estado emocional, pero nunca aprendelo. Pero agora as cousas son diferentes por algún motivo.

"Sei que as emocións son algo interno, e o que eu... sinto, é tamén algo interno. Os circuitos do meu interior funcionan con maior fluidez en determinadas situacións, sen motivo aparente. Por exemplo, cando Jimmy e máis eu lemos historias do espazo, os meus sensores se agudizan; cando recordo a unha persoa que coñecín no pasado pero que xa non existe, os meus circuitos funcionan con menor fluidez; e cando fago algo que me agrada, como axudala a vostede na cociña, funcionan moito mellor. Lin sobre as emocións, observei á xente e cheguei á conclusión de que estou empezando a sentir emocións.

-Pero, iso é imposible. Non pode ser.

-Hai, a caso, algo incorrecto, na miña liña de razoamento?

-Non, nada incorrecto.

-Logo, si é posible. Sinto que si é posible.

Asimo nunca vira o coche de Andrew. A noite na que se topou con el na rúa, a chuvia impedíralle velo con claridade e, despois diso, non tivera outra ocasión de velo. Nin sequera volvera entrar no garaxe. Tan so unha vez, na que foi levado para aumentar a autonomía da súa batería de unha hora a un día enteiro. Pero naquela ocasión, Janet levara o coche.

Así que, cando Jimmy abriu a porta do garaxe, Asimo quedou pampo, mirándoo. Andrew non se fixara no que sucedía. Pasou xunto a Asimo, achegouse á porta do coche e colocou o seu polgar dereito no lugar indicado. O coche acendeu, abriu as portas para que entrara e dixo:

-Ola, Andrew. Que tal se atopa hoxe?

-Ben, moi ben. -Andrew respondeu exactamente como facía sempre. Ás veces, nin sequera se daba de conta de que o facía. Parecíalle simplemente absurdo falar con un coche. Cando entrou e mirou atrás para asegurarse de que Jimmy tiña ben posto o cinto de seguridade, fíxose en que Asimo aínda non entrara. Seguía de pé, na entrada do garaxe-. Asimo, que pasa? Por que non vés?

-Honda -dixo, sinalando ó coche-. É Honda.

-Si -Andrew respondeu sorrindo-. O coche tamén é Honda, coma ti. É curioso, eh? Veña, imos.

-É un curmán?

-Que?

-É un curmán?

-Un curmán?

-Si, é un curmán -razoou Asimo-. É outro coma min. aínda quedan outros coma min.

Por un intre, Andrew sentiu por Asimo a tristeza que nunca sentiría polo seu coche. Dalgún xeito, sentíase identificado co coche, coma se fose da súa familia. Ó cabo, tiña razón, era un curmán. Non era un robot irmán, pero si unha máquina Honda. Non fora antropomorfizado, pero era da familia. Era un curmán.

-De que ano es ti? -preguntou Asimo ó coche, mentres se achegaba para tocalo.

-Año 2055.

-Que pasa, Asimo? Que precisas? Que queres saber?

Asimo pasou a mirada lentamente do coche a Andrew, que agora estaba de novo de pé, ó seu carón.

-Es da familia. A familia existe. Cando estaba só naquela casa, dixéranme que non quedaba ninguén -estaba acariciando o "H" metálico do capó, debuxándoo co dedo-. Pero Honda existe. Honda é real. Non o sabía.

-Tranquilo, Asimo -Andrew vía máis alterado que nunca-. Parecía realmente doído.

-Mentíron, Andrew. Mentíron. Por que? Por que me fixeron tanto mal?

* * *

Asimo mantíñase ante a porta, sen intervir na escena.

Jimmy estaba tan entusiasmado como cada vez que ía visitar ó avó. Mentres eles falaban, Andrew observaba que todo na casa estivese en orde.

O avó baixou a Jimmy do seu regazo e deixou que sentase ó seu carón, pasando a Andrew o tempo de saudalo.

-Ola, papá. Como van as cousas? Precisas algo?

-Non, Andrew. Tranquilo, todo está ben -fixo unha pausa, sorrindo, e sinalou á película, que agora tamén vía Jimmy-. Estaba vendo *Casablanca* -riu.

-Outra vez. Cantas veces a tes visto xa?

-Non o sei. É unha película da que un non cansa.

Jimmy mirou ó avó e riu. Facíalle rir ver aquelas vellas películas nas que aínda se usaban actores de carne e óso e nas que se podían atopar tantos erros. Parecíalle absurdo que se

esforzaran tanto en facelas así no canto de facelas dixitais, como facían agora. Xa falara co avó do encanto e do arte de *Casablanca*, pero non o entendía.

Namentres, Asimo observaba a escena dende lonxe. Unha escena familiar pero, á vez, estraña. Era algo que vira moitas veces na súa outra vida, pero que sempre fora allea. E era algo que, con Andrew e a súa familia, revivía de novo; aínda que seguía sendo allea. Alí estaba, de pé, sen poder achegarse, sen poder participar, sentindo como o invadía un novo sentimento do que nunca oír falar e que non sabía interpretar, pero que non lle gustaba. Unha ausencia, unha falta, unha dor...

-Mira, Janet ó fin me deixou traer a Asimo para que o coñezas -Andrew estaba agora ó seu carón. Dalgún xeito, a escena estendérase para incluílo a el, pero non parecía xa tan real como antes -Ven, Asimo. Achégate-. Algo fallaba. El non encaixaba.

-Vaia! Ten máis de 50 anos!

-Coñeces a Asimo, avó? Sabes algo del?

-Si -respondeu o avó-, recordo vagamente. Foi toda unha revolución no seu tempo pola increíble cantidade de cousas que era capaz de facer. Foi todo un pioneiro. Unha xoia.

Unha xoia... unha xoia... unha xoia nunca perde o seu valor. Conserva o seu atractivo durante toda a súa existencia. Non se rexeita dese xeito.

O tempo pasou, e Asimo seguía perfectamente atento á conversa mentres, por outra banda, reflexionaba no que lle sucedía. Ese sentimento que o invadira de súpeto ó entrar na casa crecía por momentos. El nunca tería unha familia. Aínda que vivía con unha familia, aquela visión desveláralle que sempre vivira aparte, sempre sería mantido distante. Sempre sería un personaxe triste e solitario.

* * *

Asimo pediu quedar co avó uns días. Polo que Jimmy lle tiña contado, era o único medio do que agora dispuña para contactar co seu pasado.

Jimmy, pola súa parte, fora o único que notara o comportamento estraño de Asimo aquel día, polo que non insistiu en levalo de volta á casa. Sabía que necesitaba falar con avó.

Durante horas, até ben entrada a noite, ó avó contou a Asimo infinidade de historias do mundo xa pasado. Un inevitable aire de nostalxia invadiu toda a casa aquela noite.

-Voto moito de menos aqueles tempos, cando as persoas se preocupaban das persoas.

-Eu tamén -respondeu Asimo-, eu tamén o voto de menos.

O avó estaba ó tanto de todo o que lle pasara a Asimo. Cando Andrew ía só a visitalo, sen levar a Jimmy ou a Janet, lle contaba os seus problemas e as súas preocupacións sen reservas; e durante os derradeiros meses mantiño ó tanto de todo. A reacción de tódolos demais cara a Asimo sempre fora de incredulidade, pero o avó non reaccionara así. El simplemente sorriu, cun sorriso que transmitía unha indescribible sensación de calma e empatía. Asimo entendeu entón que atopou o que buscaba. Este home era o derradeiro reduto de aquel mundo. Este home era igual que el.

-Sabes, Asimo. Ti e máis eu non somos tan diferentes -dixo o avó-. Sei o que sentes. Dende que Andrew falou de ti por primeira vez, sei como te sentes.

"Non hai nada que facer xa, Asimo. O teu mundo morreu e sen saber como ti es un supervivente del. Tes unha familia, si, pero non te sentes xa parte dela. É o momento de facerse a un lado.

-Así é, iso é o que eu sinto, señor.

-Sabes, Asimo. O mesmo me pasa a min. Sinto que xa non me queda nada.

-Pero vostede si ten unha familia, señor.

-Non, Asimo, xa hai anos que non. Deixáronse levar polo mundo sen darse de conta. Non vexo ó meu neto maior dende que era como Jimmy, e Jimmy ven cando o seu pai recorda traelo.

-Pero Andrew e Janet son boas persoas.

-Si, por suposto que o son. Pero son de outro mundo. Para eles, é normal que eu viva aquí só, encerrado, vendo antigas películas e sen falar con ninguén. Pero para min non... E para ti tampouco, verdade?

-Non, señor. É algo que non podo xulgar pero que non me parece normal. A miña vida xa terminou. A miña programación indica que o meu obxectivo é interactuar coas persoas para que facerlles a vida cada vez máis fácil e cómoda, pero...

-Pero non te deixan interactuar con elas -cortou o avó.

-E eles mesmos complican a súas propias vidas, illándose dos demais -terminou Asimo.

Entón chegou o silencio. Era xa moi tarde, e a casa estaba envolta na escuridade. Alí, no centro dunha gran cidade de millóns de habitantes, dous home sos, rodeados só de escuridade. Nada máis. Só escuridade.

6

Andrew chegou o máis rápido posible á casa. Xa amañecera e podía ver perfectamente o lugar no que a ambulancia aterrara. Parou o coche fronte á porta e baixou correndo.

Pasou xunto á ambulancia pero non viu a ninguén.

Entrou na sala de estar. Había un enfermeiro tomando notas nun bloc.

-O seu pai está no dormitorio -dixo.

Camiñou polo corredor e topou unha enfermeira, que non dixo nada.

Entrou no dormitorio e veu un médico xunto á porta, tamén tomando notas.

-Que pasou?

-97 anos. Que esperabas? Morreu mentres durmía. A casa detectou un paro cardíaco e deu a alarma ó hospital, pero non chegamos a tempo.

Estaba botado na cama, con unha manta máis da que el lle deixara posta antes de irse. Estaba moi ben tapado, pero sobre as mantas sacara unha man, que Asimo suxeitaba.

Non se fixara nel, pero alí estaba tamén.

Ambos rostros amosaban paz. Ambos descansaban.

Aquela noite non morreu un ancián, non se apagou unha chatarra anticuada, non morreu un mundo anticuado. Aquela noite morreron os demais. O mundo botárase a perder.